

DECRETO NÚMERO 12007725

Ilma. Sra. Dona Sonia Méndez García, Tenenta Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación.

Instruído expediente relativo a **MODIFICACIÓN DA DESIGNACIÓN DOS MEMBROS QUE FORMARÁN PARTE DO COMITÉ DE EXPERTOS PARA A VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACION DO SERVIZO DE MANTEMENTO, MELLORA E CONSERVACIÓN DAS ZONAS VERDES PÚBLICAS E ARBOREDO VIARIO DA CIDADE DE LUGO**

Examinado o expediente de referencia e vistos:

1.- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen na contratación do servizo de mantemento, mellora e conservación das zonas verdes públicas e arboredo viario da cidade de Lugo.

2.- Cláusula décima e décimo primeira do citado prego no que se detalla que para a valoración dos criterios de adxudicación relativos á proposta técnica a e tendo en conta o sinalado no artigo 150 do TRLCSP, deberá constituírse un comité formado por expertos na materia non integrados no órgano propoñente do contrato que serán que serán tres técnicos competentes do Concello de Lugo ou, se non fora posible, por tres profesionais con coñecementos na materia, ó que corresponderá a avaliación das proposicións conforme ós criterios sinalados.

Os membros do comité serán designados por resolución da Concelleira Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación.

3.- Decreto 12007292 de designación de membros que formará parte do Comité de Expertos para a valoración das ofertas presentadas.

Á vista das dificultades manifestadas por un dos compeñentes para concorrer ás xuntanzas deste Comité os vindeiros días, dada a incompatibilidade co seu horario laboral, procede modificar a súa composición designando un novo profesional con coñecemento da materia.

Polo expostos e en uso das atribucións que me estan conferidas en virtude do acordo nº 2/444 da Xunta de Goberno Local de 27 de xuño de 2011 **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Proceder a unha nova designación de membros para formar parte do comité de expertos para a valoración da proposta técnica do sobre B para a **CONTRATACION DO SERVIZO DE MANTEMENTO, MELLORA E CONSERVACIÓN DAS ZONAS VERDES PÚBLICAS E ARBOREDO VIARIO DA CIDADE DE LUGO**, quedando constituída como segue:

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/atm

Refª: modificacion 1347868504331.doc

Asunto:

- Antonio Rigueiro Rodríguez, Catedrático da Universidade de Sanitago de Compostela.
- José Manuel López López, enxeñeiro agrónomo e funcionario da Excma. Deputación Provincial de Lugo.
- Pablo Fuentes Faílde, enxeñeiro de camiños e xefe do servizo de enxeñería do Excmo. Concello de Lugo.

SEGUNDO.- Publicar este Decreto no perfil do contratante do Concello de Lugo.

TERCEIRO.- Notificar a presente resolución aos interesados así como ás dependencias e servizos municipais afectados coa indicación de que esta pon fin á vía administrativa e que contra ela poden interpoñer-se los seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.
- Non obstante o anterior e con carácter previo, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 4/1999 de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante o órgano competente, no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación do devandito recurso de reposición (artigo 116.2 da Lei 30/92).

Cúmprase.